



RAGC/ REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS



Día da Ciencia en Galicia

Programa

Benvida e apertura do acto

Medallas de Investigación RAGC

- Medalla Ánxeles Alvariño González
- Medalla Isidro Parga Pondal
- Medalla Domingo García-Sabell Rivas
- Medalla Enrique Vidal Abascal
- Medalla Antonio Casares Rodríguez

Homenaxe a Juan Rof Codina

- Vídeo homenaxe *"Juan Rof Codina, impulsor da veterinaria moderna"*
- *"Rof Codina (1971-1967), un científico de cando os veterinarios aprendían dos labregos"*
Conferencia a cargo do Prof. Dr. D. Lourenzo Fernández Prieto, catedrático de Historia Contemporánea da USC
- Intervención do Presidente da RAGC, Prof. Dr. D. Juan Manuel Lema Rodicio

Peche do acto

Colaboran:



6 de outubro de 2022 | 19 horas

Salón Nobre do Colexio de Fonseca
Santiago de Compostela

Día da Ciencia en Galicia

Entrega das **Medallas de Investigación**
da Real Academia Galega de Ciencias

Homenaxe ao impulsor da veterinaria en Galicia
Juan Rof Codina
Científico Galego do Ano



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS

Día da Ciencia en Galicia

Juan Rof Codina foi un dos principais impulsores da **veterinaria** en España. Destaca a súa contribución á modernización do sector agropecuario en Galicia e á difusión do concepto de asociacionismo entre os gandeiros galegos.

A súa presenza na Galicia rural permítelle familiarizarse coas enfermidades máis estendidas na época, e convértese no primeiro divulgador dos traballos de Pasteur sobre estas doenzas. En 1905 abre **primeira clínica veterinaria** galega e do Estado, e consegue a representación exclusiva das vacinas do Instituto Pasteur para Galicia e Asturias. Así, liderou as campañas de vacinación, e chegou a vacinar el mesmo 250 cabezas de vacún nun só día. Foi tamén un decidido agrarista e participou en varias iniciativas destinadas a difundir o **asociacionismo agrario**, axudando, por exemplo, na creación de sociedades de seguros mutuos.

En 1909 obtivo o posto de inspector provincial de Hixiene Pecuaria e trasladouse á Coruña. Organizou concursos de gando e inventou o compás ou bastón Rof para lograr unha máis perfecta medición nestes certames. Publicou a monografía *La raza bovina gallega*, un estudo no que se sentaron **as bases do morfotipo do que logo sería a raza rubia galega**.

En 1932 pasou a dirixir a Inspección Xeral Veterinaria en Madrid. Tras a Guerra Civil foi condenado ao desterro en Tenerife, onde permaneceu ata 1941. Logo regresa a Lugo e falece en 1967. A Asociación Nacional Veterinaria concedeulle a Medalla de Ouro.

Escribiu unha inxente cantidade de artigos destinados a difundir as novas teorías nos campos da agricultura e a gandería como "Galicia pecuaria" (1927), "El color de la yema de huevo de gallina" (1951), "La avicultura en Galicia" (1952) ou "Nociones de avicultura" (1962).

O **Fondo Rof Codina** permanece na Biblioteca Intercentros do campus de Lugo da USC. Juan Rof Codina dá nome á **Fundación Rof Codina** e ao **Hospital Veterinario Universitario Rof Codina** de Lugo, a unha rúa nesta cidade, a outra en Monforte de Lemos e a uns xardíns na súa localidade natal.



JUAN ROF CODINA Impulsor da Veterinaria en Galicia

CIENTÍFICO GALEGO 2022

Nado en El Prat de Llobregat (Cataluña) en 1874.

Foi o terceiro fillo dunha modesta familia. O seu pai tiña unha ferraría e Rof viuse obrigado a deixar a escola para axudalo. Posteriormente, animado pola súa nai, desprazouse a Madrid para estudar na Escola Superior de Veterinaria.

En 1898 obtivo o posto de tenente veterinario militar en Lugo, onde naceu o seu **interese polos problemas gandeiros de Galicia**. O seu introdutor neste ámbito foi o veterinario Ramón Carballo, co que estableceu unha relación persoal ao casar coa súa filla.

Xunto a outros técnicos agropecuarios da época, traballou a prol da renovación técnico-productiva da gandería galega ao longo do século XX, centrándose en dous campos: a) a aplicación e divulgación de novidades zootécnicas e a posta en práctica de **medidas de hixiene pecuaria**, para o que escribe artigos de difusión de boas prácticas; e b) a organización e **valorización da profesión veterinaria en España**.